

1. Líder



O CD Lugo volveu á senda da vitoria na División de Honra xuvenil. A falta dunha xornada para o remate da primeira volta, os de Álex Antón mantéñense no podio da clasificación xunto aos principais aspirantes ao título de Liga e a disputar a Copa do Rei

REPORTAXE

**Emilio Rosanes
regálanos unha
espectacular
análise do F8**



Galicia é a única comunidade autónoma bañada polo Mar Cantábrico na que se organizan competicións reguladas en categoría prebenxamín

LIGA NACIONAL XUVENIL

**O Rácing manda
no Estadio Roca**



RC VILLALBÉS 2 - 1 VICTORIA

**O deporte
lucense cunha
boa causa**

Hoxe é o Día Internacional das persoas con capacidades diferentes. O fútbol base provincial deu mostras do seu apoio ao longo de toda a xornada con xestos simbólicos en diversas categorías



XUVENIL D. DE HONRA

RESULTADOS	
Sp. Gijón - Ural CF	3-0
TSK Rocas - Pontevedra	4-2
Covadonga - R. Oviedo	1-1
Alondras - Val Miñor	0-2
RC Celta - At. Perinés	---
CD Lugo - Colindres	3-0
Bansander - R. Ferrol	0-1
Deportivo - R. Santander	0-1

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
RC CELTA	35	14	11	2	1	37	13
SPORTING GIJÓN	31	14	9	4	1	47	11
CD LUGO	30	14	9	3	2	28	14
R. SANTANDER	29	14	9	2	3	38	15
REAL OVIEDO	27	14	7	6	1	24	8
URAL CF	23	14	7	2	5	29	20
RC DEPORTIVO	22	14	6	4	4	27	15
TSK ROCES	18	14	5	3	6	16	30
RACING FERROL	17	14	4	5	5	18	24
ED VAL MIÑOR	17	14	4	5	5	16	22
ATL. PERINÉS	17	14	4	5	5	19	28
BANSANDER	17	14	5	2	7	16	25
ALONDRAS C.F.	8	14	2	2	10	8	34
CD COVADONGA	6	14	1	4	9	8	27
PONTEVEDRA C.F.	7	14	2	0	12	13	35
CD COLINDRES	6	14	1	3	10	5	28

PRÓXIMA XORNADA

R. Santander - Bansander	Colindres - Sp. Gijón
R. Oviedo - RC Celta	At. Perinés - TSK Rocas
Ural CF - Covadonga	Pontevedra - Deportivo
Val Miñor - CD Lugo	R. Ferrol - Alondras

INFANTIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Bertamiráns - Residencia	5-0
Ural - Imperator	2-0
Deportivo - Milagrosa	15-0
Victoria - Montañeros	2-1
X. Oroso - Lalín	8-1
Bergantiños - Conxo	1-1
G. Caranza - R. Ferrol	1-0
CD Lugo - Calasanz	4-1
San Tirso - At. Riveira	2-0

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. DEPORTIVO	39	13	13	0	0	94	6
BERTAMIRANS C.F.	36	13	12	0	1	54	8
VICTORIA C.F.	28	13	9	1	3	41	31
X. OROSO	25	13	8	1	4	58	15
RACING FERROL	25	13	8	1	4	29	24
URAL C.F.	25	13	8	1	4	22	18
MONTANEROS C.F.	24	13	7	3	3	32	19
C.D. LUGO	20	13	6	2	5	33	21
C.D. CONXO	19	13	5	4	4	27	28
SAN TIRSO S.D.	17	13	4	5	4	19	20
E.F. LALIN	17	13	5	2	6	32	37
BERGANTINOS C.F.	17	13	5	2	6	19	24
C.D. CALASANZ	13	13	3	4	6	19	34
GAUCIA CARANZA	12	13	4	0	9	21	42
AT. DE RIVEIRA	10	13	3	1	9	21	44
IMPERATOR O.A.R.	9	13	3	0	10	17	54
RESIDENCIA	1	13	0	1	12	7	60
MILAGROSA	0	13	0	0	13	5	65

PRÓXIMA XORNADA

Residencia - San Tirso	Conxo - X. Oroso
Imperator - Bertamiráns	R. Ferrol - Bergantiños
Milagrosa - Ural	Calasanz - G. Caranza
Montañeros - Deportivo	At. Riveira - CD Lugo
E.F. Lalín - Victoria	

XUVENIL LIGA NACIONAL

RESULTADOS	
Porrño - CD Lugo B	4-0
Orillamar - Val Miñor B	0-4
Pabellón - RC Celta B	1-2
Conxo - Arosa SC	2-1
Sta. Mariña - Choco	2-1
RC Villalbés - Victoria	2-1
CD Aroosa - Deportivo B	2-1
CD Lérez - Calasanz	2-4
Valladares - R. Bouzas	2-2

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA "B"	31	13	10	1	2	31	15
C.D. CALASANZ	31	13	10	1	2	26	12
VICTORIA C.F.	29	13	9	2	2	28	16
PABELLÓN C.F.	27	13	8	3	2	31	14
DEPORTIVO "B"	25	13	8	1	4	25	14
C.D. CONXO	22	13	7	1	5	32	24
RC VILLALBES	22	13	7	1	5	16	19
C.D. CHOCO	20	13	6	2	5	21	15
C.D. AREOSA	19	13	6	1	6	19	20
VAL MIÑOR "B"	17	13	4	5	4	17	15
PORRINO C.F.	17	13	5	2	6	21	24
RAPIDO BOUZAS	15	13	4	3	6	14	15
SANTA MARINA	13	13	4	1	8	17	19
VALLADARES	12	13	3	3	7	18	24
AROSA S.C.	11	13	3	2	8	12	22
ORILLAMAR S.D.	11	13	3	2	8	22	36
C.D. LUGO "B"	7	13	2	1	10	13	34
C.D. LEREZ	5	13	1	2	10	17	42

PRÓXIMA XORNADA

CD Lugo B - Valladares	Victoria - Sta. Mariña
Val Miñor B - Porrño	Deportivo B - RC Villalbés
RC Celta B - Orillamar	Calasanz - CD Aroosa
Arosa SC - Pabellón	R. Bouzas - CD Lérez
Choco - Conxo	

XUVENIL GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Compostela - Residencia	1-1
Ural B - As Pontes	1-0
At. Arteixo - G. Caranza	1-4
Victoria B - Montañeros	0-1
Estrada FB - Lalín	1-0
Bergantiños - Conxo B	4-1
Viveiro CF - O Val	0-0
Dumbria - Betanzos	5-0
Boiro - At. Riveira	3-0

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
E.F. LALIN	32	13	10	2	1	34	10
S.D. COMPOSTELA	30	13	9	3	1	29	13
MONTANEROS C.F.	28	13	8	4	1	25	12
S.D. O VAL	28	13	9	1	3	30	19
BERGANTINOS C.F.	24	13	7	3	3	26	14
C.F. DUMBRIA	23	13	7	2	4	23	18
URAL C.F. "B"	21	13	6	3	4	28	18
ESTRADA FB	19	13	6	1	6	18	23
C.D. BOIRO	18	13	5	3	5	22	19
VICTORIA C.F. "B"	17	13	5	2	6	20	20
GAUCIA CARANZA	17	13	5	2	6	25	26
C.D. CONXO "B"	15	13	5	0	8	23	21
VIVEIRO C.F. "A"	14	13	3	5	5	18	22
S.D. RESIDENCIA	14	13	4	2	7	22	29
C.D. AS PONTES	11	13	3	2	8	19	22
AT. DE RIVEIRA	10	13	3	1	9	27	52
BETANZOS C.F.	7	13	2	1	10	16	45
AT. ARTEIXO	3	13	0	3	10	14	36

PRÓXIMA XORNADA

Residencia - Boiro	Conxo B - Estrada FB
CD Lugo B - As Pontes	O Val - Bergantiños
G. Caranza - Ural B	Betanzos - Viveiro CF
Arosa SC - At. Arteixo	At. Riveira - Dumbria
E.F. Lalín - Victoria B	

XUVENIL GALEGA SUR

RESULTADOS	
Coruxo - Calasanz	2-3
Ribadumia - Barco	2-2
Comesaña - Alondras B	3-1
A Seica - Ourense CF	1-3
Choco B - Vila Corpus	2-1
UD Ourense - Portonovo	4-2
Barbadas - Pabellón B	2-2
Verín - A.J. Lérez	1-0
Tomioño - Monteporreiro	1-5

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
OURENSE C.F.	31	13	10	1	2	40	15
UD. OURENSE	30	13	9	3	1	30	13
MONTPEPPEIRO	28	13	9	1	3	32	18
A.J. LEREZ	22	13	7	1	5	32	19
C.P. CALASANZ	21	13	6	3	4	18	19
UD. BARBADAS	20	13	6	2	5	18	18
A.D. VILA CORPUS	20	13	6	2	5	23	24
PABELLÓN "B"	19	13	5	4	4	36	22
CORUXO F.C.	19	13	5	4	4	22	20
A.D. TOMINO	17	13	5	2	6	35	38
E.D.C. VERIN	15	13	4	3	6	19	23
ALONDRA C.F. "B"	15	13	4	3	6	20	25
UD. COMESAÑA	15	13	4	3	6	25	31
A.C.D. A SEICA	13	13	4	1	8	24	26
PORTONOVO S.D.	12	13	3	3	7	18	28
C.D. CHOCO "B"	10	13	2	4	7	12	30
C.D. BARCO	8	13	2	2	9	14	41

PRÓXIMA XORNADA

Calasanz - Tomioño	Portonovo - Choco B
Barco - Coruxo	Pabellón B - UD Ourense
Alondras B - Ribadumia	A.J. Lérez - Barbadas
Ourense CF - Comesaña	Monteporreiro - Verín
Vila Corpus - A Seica	

CADETE DIVISIÓN HONRA

RESULTADOS	
Coruxo - CD Lugo	1-4
Ural - Ourense CF	3-0
Pabellón - RC Celta	1-3
Conxo - Montañeros	1-0
Sta. Mariña - R. Ferrol	0-0
Bergantiños - Victoria	1-2
CD Aroosa - Deportivo	1-1
Pontevedra - Calasanz	1-2
Val Miñor - San Tirso	2-2

CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
R.C. CELTA S.A.D.	33	13	11	0	2	57	10
R.C. DEPORTIVO	32	13	10	2	1	37	10
URAL C.F.	31	13	10	1	2	26	11
PABELLÓN C.F.	22	13	7	1	5	25	17
C.D. LUGO	21	13	6	3	4	28	18
PONTEVEDRA C.F.	21	13	7	0	6	25	23
C.D. CALASANZ	21	12	6	3	3	17	15
E.D. VAL MIÑOR	19	13	5	4	4	22	17
OURENSE C.F.	18	13	5	3	5	14	20
RACING FERROL	18	13	5	3	5	19	28
C.D. CONXO	16	13	4	4	5	16	18
CORUXO F.C.	16	13	5	1	7	16	21
SAN TIRSO S.D.	15	12	4	3	5	20	21
VICTORIA C.F.	12	13	4	0	9	17	29
SANTA MARINA	10	13	2	4	7	12	38
BERGANTINOS C.F.	10	13	2	2	9	8	34
MONTANEROS C.F.	8	13	2	2	9	8	34
C.D. AREOSA	5	13	1	2	10	16	37

PRÓXIMA XORNADA


CD Lugo - Val Miñor	Victoria - Sta. Mariña
Ourense CF - Coruxo	Deportivo - Bergantiños
RC Celta - Ural	Calasanz - CD Aroosa
Pabellón - Pabellón	San Tirso - Pontevedra
R. Ferrol - Conxo	

CADETE GALEGA NORTE

RESULTADOS	
Bertamiráns - Dumbria	3-1
Ural B - San Tirso B	3-1
Deportivo B - G. Caranza	3-0
Victoria B - RC Villalbés	0-1
Estrada FB - Orillamar	1-0
Bergantiños B - X. Oroso	2-4
Viveiro - R. Ferrol B	1-3
CD Lugo B - Calasanz B	0-0
EF Lalín - Milagrosa	3-1


CLASIFICACIÓN

Equipo	PTS	X	G	E	P	GF	GC
BERTAMIRANS C.F.	37	13	12	1	0	36	10
X. OROSO	34	13	11	1	1	50	16
DEPORTIVO "B"	29	13	9	2	2	34	14
RACING VILLALBES	29	13	9	2	2	31	15
C.F. DUMBRIA	26	13	8	2	3	21	14
BERGANTINOS "B"	21	13	6	3	4	18	13
GAUCIA CARANZA	20	13	6	2	5	32	14
ESTRADA FB	19	13	5	4	4	20	22
SAN TIRSO S.D.	18	13	5	3	5	21	22
C.D. CALASANZ "B"	16	13	4	4	5	17	15
C.D. LUGO "B"	16	13	5	1	7	17	30
URAL C.F. "B"	14	13	4	2	7	13	20
VIVEIRO C.F. "A"	12	13	3	3	7	20	28
R. FERROL "B"	12	13	3	3	7	13	32
E.F. LALIN	11	13	3	2	8	17	29
S.C.D. MILAGROSA	8	13	2	2	9	11	35
VICTORIA C.F. "B"	7	13	2	1	10	12	23
CIEN FLORES "B"	7	13	2	1	10	12	23



OS DE ÁLEX ANTÓN impuxéronse con solvencia ao Colindres na Cheda con goles de Schuster, Christian e Dani Real

O Lugo dominaba pero a defensa cántabra cubría ben os espazos, polo que



MIGUEL MATEOS CD Lugo

No minuto 60 o Colindres quedouse con dez xogadores por dobre amarela a un defensa visitante tras unhas queixas ao línea, e a partir de aí o Lugo atopou mellor os espazos. Así, nunha xogada á con-



A partir de aí o encontro baixou de ritmo até os minutos finais, nos que o Colindres buscou à desesperada o gol que os metera na loita polos puntos. Así, no tempo de desconto, o porteiro visitante subiu a rematar un córner, e tralo despoxe da defensa albi-

ENCONTRO para rematar a primeira volta. O que medirá aos albivermellos fronte ao Val Miñor o vindeiro xoves en Nigrán

GOLES
Christian volveu marcar tras tres xornadas sen facelo e é, xunto a Álex Ramos, o máximo goleador do conxunto albivermello con 6 dianas

Próxima xornada

O vindeiro xoves o Lugo viaxa a Nigrán para medirse ao Val Miñor no derradeiro encontro da primeira volta na División de Honra Xuvenil. O domingo a partir das 16:30 mediarase ao Alondras na Cheda, ao que xa gañou na primeira xornada por 0-2.



Dobre xornada de órdago para o Rácing

DEPORTIVO E CALASANZ serán os dous próximos rivais ante os que os de Cholas fixarán os seus obxectivos da tempada

RC VILLALBÉS		VICTORIA
Goles: Óscar e David	2 1	Goles: Paulo



Árbitro: Jesús López, Miguel Rodríguez e Miguel Pin Campo: Estadio Roca

O Rácing Villalbés vestiu-se de amarelo na súa primeira etapa alpina. Un tramo de competición en grao sumo esixente no que se mide con tres dos mellores equipos da Liga Nacional xuvenil en apenas sete días.

Onte visitou o Roca o Victoria, que podía asaltar o liderado en solitario da

competición pero deixouse todo o botín en Villalba. O xoves os de Cholas viaxan a Abegondo para medirse co Deportivo B e pechan a semana ante o Calasanz, segundo clasificado, no Roca de novo.

Os de Cholas foron fieis ao seu ADN desde os primeiros minutos, coas liñas xuntas e coas ideas claras

“Victoria de mérito basada en el trabajo colectivo. A descansar y pensar en el siguiente” CHOLAS RC Villalbés

para saír á contra. Froito diso incomodaron ao Victoria, ao que tras meterlle o medo no corpo con varias contras sen finalizar, derrubaron co un a cero no ecuador da primeira parte ao transformar Óscar un penalti cometido sobre Herrero, o mellor xogador do encontro.

O Victoria fíxose coa posesión e o Rácing recibiu o reto de bo grado. Os coruñeses buscaban ao seu xogador referencia en ataque, un nove corpulento que sufriu ante Alex e Noel, mentres que en ataque Herrero era un pesadelo para a defensa visitante e

fabricou a xogada do dous a cero antes do descanso cunha acción por banda que culminou cun preciso centro para que David volve-se acudir á súa cita co gol para poñer terra polo

medio co dous a cero.

Na segunda parte mantívose o guio, o Rácing puido sentenciar á contra pero precipitouse no último pase e ao caer en fóra de xogo, mentres que o Victoria vendeu cara a derrota ao recortar distancias e envorcar-se en busca do empate. Con todo, na recta final a ocasión máis clara foi para o Villalbés cun penalti que parou o porteiro herculino.



David explotando a súa potencia ante un defensa rival



Herrero iniciando unha contra en medio campo



Rares desbordando a súa marca nun duelo directo

O Lugo B volve a resetearse

MOURELOS TOMA O MANDO DO LUGO B, un equipo que necesita estabilidade tras catro adestradores no que vai de tempada e logo de xogar como local en tres terreos de xogo

2

PARTIDOS NA CASA

O xoves o Lugo B recibirá ao Valladolid e a fin de semana ao Val Miñor B en dous partidos trascendentais para o futuro do cadro lucense na Liga Nacional

4

PUNTOS tan só separan aos de Mourelos dos postos de permanencia, sen contar posibles arrastres, polo que a situación a nivel clasificatorio non é a máis delicada



Xabi Becerra pisando o balón ante un xogador rival

PORRIÑO CF		CD LUGO B
Goles: Giovanni, Kevin, Nicolás e Eloy	4 0	



Árbitro: Rubén Extremadura Hernández, Sergio Iglesias e Jose Veiga Campo: Porriño

O Lugo B volveu poñer o contador a cero e a re-

resetearse en busca da estabilidade nunha tempada marcada polos malos resultados e os continuos cambios. Manuel Mourelos tomou as rendas do equipo esta semana na

que pode ser a última posición de alzar o voo na Liga Nacional esta tempada.

O debut non era o máis idóneo, xa que o Porriño é un dos equipos máis fortes en casa pero o Lugo B deixou destellos do que pode chegar a ser,

“Tivemos moi boa actitude ante un rival que foi superior” CASTRO CD Lugo B

especialmente no tramo inicial, mentres se mantivo o cero a cero no marcador.

Os lucenses ata sorprendéron con posesións en campo rival con perigo, entre elas unha clara ocasión de Xabi Domínguez tras pase ao espazo de Rubén, á vez que se mostraron sólidos en defensa, pero a moral do equipo está tocada e o primeiro revés case manda á lona ao Lugo B.

Aos vinte minutos chegou o un a cero nunha acción illada que deixou tocado aos de Mourelos. O Porriño non deixou pasar a oportunidade e ampliou a diferenza co dous a cero co que terminou a primeira parte.

Tras recuperar forzas e confianza no descanso,

o Lugo B volveu dar unha boa imaxe ao comezo da segunda parte, pero en fronte atopáronse un Porriño sólido que tirou de oficio e apenas concedeu opcións.

Xa na recta final os locais levaron o marcador final ao avultado catro a cero final, do que os de Mourelos deben facer borrón e conta nova.

Dobre xornada en casa

A mellor noticia nestes momentos concédeala o calendario, xa que o Lugo B afrontará a dobre xornada desta semana con dous partidos en casa, primeiro ante o Valladolid e o vindeiro xoves e o fin de semana ante o Val Miñor B.

OS MELLORES

CD LUGO B
PORTO
XAIRO
RUBÉN

Síntomas de melloría

O VIVEIRO MERECEU A VITORIA pero recuperou sensacións antes da dobre cita desta semana ante rivais directos com O Betanzos e Riveira



PUNTOS de ouro para o Viveiro esta semana, na que pode afastarse dos postos de descenso ante dous equipos da zona baixa da clasificación

Arbitro: Jonathan Losada. Pablo Varela e Juan Carlos Polo. Campo: Marcos Gómez.

“Agora toca afrontar las dos finales que vienen” **ANTONIO SERRANO** Viveiro CF

Disfrutar o parón de Nadal pasa por esta semana, na que o Viveiro medírase con dous equipos da zona baixa, o xoves en Betanzos e o sábado ante o Riveira no Marcos Gómez. De gañar os dous encontros os de Antonio Serrano afrontarían as vacacións con tranquilidade pero de non facelo terán que dixerir o turrón.

O Viveiro chegaba tocado á cita ante o Val tras dúas últimas derrotas, e aínda que só sumou un punto tras merecer os tres en xogo, sae reforzado.

O partido estivo condicionado

polo aire. Un forte vento que os de Antonio Serrano tiveron en contra ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos, pero controlaron ben esta situación cunha gran solvencia defensiva que secou aos visitantes en ataque, mentres que Ángel, cun disparo cruzado, e Iván cun remate por encima do larguero tras unha falta directa, dispuxeron das ocasións

máis claras na primeira parte.

Na segunda, co vento a favor, o Viveiro meteu no seu campo ao Val e iniciou un carrusel de ocasións sen finalizar entre as que destacaron un remate ao lar-



Jairo, capitán do Viveiro Club de Fútbol, co balón controlado

guero de Xavi, dous lanzamentos de falta de Jorge nos que se luciu o porteiro visitante e un saque de esquina no que o balón estre-louse no poste de novo.

Ao final, o Viveiro arriscou en exceso para buscar o gol da vitoria e puido pagalo con algunha contra sen finalizar dun Val con

dúas puntas moi rápidas e perigosas.

Betanzos e Riveira serán os rivais do Viveiro esta semana nunha dobre xornada que se disputa xoves e sábado e da que dependerá o estado anímico co que os celestes gocen do parón de Nadal.

O Calasancio sobrepúxose a todas as adversidades

REMONTOU e aguantou o asedio final do Coruxo, e tamén do trío arbitral



Goles: Adrián y Sergio polo Coruxo, Jorge, Jordi e Nico polo Calasancio.

“Son tres puntos moi pelexados e moi valiosos”

RUBÉN NÚÑEZ CP Calasancio

O Calasancio superou unha nova proba de madurez en Coruxo ao sumar os tres puntos nun partido no que os de Rubén Núñez tiveron que sobrepoñerse a moitas adversidades.

A primeira delas foi a discreta posta en escena que tiveron os monfortinos.

O Coruxo, que saltou ao terreo de xogo máis intenso, inaugurou o marcador antes do cuarto de hora inicial. Con todo, a partir do un a cero os locais conformáronse e cometeron o erro de deixar que o Calasancio se metese no encontro.

Abel sacouse da nada unha gran xogada individual na que regateou a tres rivais e serviu un bo centro que rematou Jorge ao fondo das mallas para facer o un a un, antes do descanso Jordi rematou un balón solto na área local tras varios rexeites para facer o un a dous co que terminou a primeira parte.

O Coruxo quixo recuperar o tempo perdido e fixoo cunha boa posta en escena que lles serviu para empatar a dous moi pronto. O partido volveuse igualar, pero as ocasións foron para un Calasancio que fixo o dous a tres por medio de Nico, antes dun tramo final no que os árbitros varreron para casa e engadiron ata oito minutos nos que o Calasancio resistiu ata saír cos tres puntos de Coruxo.



Goles: Adrián polo Compostela, Conde polo Residencia.

Arbitro: Daniel Rodríguez Marín.

Punto de moito mérito da Residencia en Santiago ante un Compostela que asaltaría o liderato en solitario da Liga Galega xuvenil de sumar os tres en xogo ante os de Dani Galán.

Os da Cheda perdéronlle o respecto aos composteláns desde os primeiros minutos, nos que Veloso dispuxo dunha gran ocasión antes

Osíxeno en Compostela

A RESIDENCIA rabuñou un punto ante o segundo clasificado



Ander presionando a un xogador rival ante a mirada de Begonte

de que chegase o un a cero local, tras un gol que naceu nunha falta afastada e na que o vento, un factor que condicionou o partido, axudou a que o balón sorprendese a Fer tras tocar no larguero.

Malia chegar ao descanso con un a cero as sensacións eran boas e estas confirmáronse

na segunda parte.

Á hora de xogo Pedro gustouse nunha acción persoal na que gañou a liña de fondo un serviu un bo pase que aproveitou Conde para devolver as táboas ao marcador co empate a un.

Con media hora por diante o partido converteuse nun ida e volta no que os dous equipos

“Compitiendo como lo hicimos en este partido el equipo va a ir hacia arriba seguro” **DANI G.** Residencia

querían todo o botín en xogo.

Fonseca tivo a mellor ocasión para a Residencia, e nos minutos finais o Compostela puido levar a vitoria nun disparo que foi ao pau e nunha falta indirecta que se executou por baixo da barreira no que Fer foi o protagonista cunha gran intervención.

Ao final, punto de moito mérito da Residencia nas Cance-las ante todo un Compostela. Agora a Residencia ten dous partidos seguidos esta semana na Cheda para facer as paces cos puntos en casa.

OS MELLORES

RESIDENCIA	
IVÁN	2 2 2
GARCÍA	2 2
FER	2

O Lugo volveu ofrecer a domicilio unha gran imaxe

HAT TRICK de

Brian na cuarta vitoria consecutiva a domicilio do Lugo na División de Honra



Goles: Lucas polo Coruxo; Brian (3) e Borja polo CD Lugo

Arbitros: Uxío Caamaño Vázquez, Jesús Heleno Fernández e Samuel Viveiro Carballo

“O mellor xogo combinativo da tempada fixo posible este bo resultado”

MARTÍN MURADO CD Lugo A

Cuarta vitoria consecutiva a domicilio para o Lugo na División de Honra cadete. Os de Martín Murado seguen ofrecendo a súa mellor versión como visitantes e os números demostrano ao sumar os últimos doce puntos en xogo con doce goles a favor e tan só un en contra, o que recibiron neste encontro cando xa gañaban 0-3.

Exceptuando o primeiro cuarto de hora en Coruxo, que foi de ten-teo entre os dous equipos, o Lugo dominou con autoridade o encontro a partir da posesión do balón. Unha posesión con verticalidade por bandas, chegadas a liña de fondo e remates.

O cero a un chegou ao fio da media hora de partido ao bater Brian ao porteiro local cunha vaselina. Acto seguido Rosón estrelou un balón no poste tras un bo disparo desde a frontal da área e no medio do monólogo lucense, Iago Fernández serviu un bo centro desde a liña de fondo que Brian enviou ao fondo das mallas cun remate de nove nato para chegar ao descanso con cero a dous no marcador.

Na segunda parte Brian asinou o hat trick ao rematar un córner peiteado por Javi, e pese a que o Coruxo recortou distancias, Borja fixo o un a catro final nun partido cómodo e vistoso do Lugo.

O vento foi determinante

0-3 CO AIRE EN CONTRA NA PRIMEIRA METADE para un Viveiro que na segunda intentou recuperar o tempo perdido, pero sen fortuna no remate



Arbitro: David Jimenez, Pablo Varela e Jonathan Losada. Campo: Municipal Marcos Gómez

“Partido muy condicionado por el viento en el que el rival aprovechó mejor sus ocasiones”

LUCHI Viveiro CF

O vento foi o principal factor que desencadeou no un a tres final no Municipal Marcos Gómez. Nunca un sorteo de campo tivo tanta transcendencia nun partido como este en o que o Rácing de Ferrol B elixiu primeiro e fixoo para xogar co vento a favor.

O Viveiro sufriu moito nos primeiros corenta minutos, nos que aos de Luchi custáballes moito sacar o balón en longo, mentres que cando o intentaban en curto, a presión rival propiciaba roubos e contras en superioridade numérica.

Antes do cuarto de hora inicial o Rácing de Ferrol inaugurou o marcador cun disparo desde corenta metros que se envenenou co aire e sorprendeu a Egoitz. Mentres que sen tempo para a reacción, tan só dous minutos despois, chegou o cero a dous, de novo cun disparo afastado, nesta ocasión cunha falta moi afastada na que o vento volveu xogar un papel importante para que o balón terminase no fondo das mallas.

A partir de aí o Viveiro loitou contra o aire en contra ante un

OS MELLORES

VIVEIRO CF

BOIXET

LUIS

TRASI

PUNTOS do Rácing de Ferrol B nas tres últimas xornadas ante equipos lucenses, logo de empatar ante a Milagrosa e gañar a Lugo B e Viveiro



Boixet a piques de controlar o balón nun encontro desta tempada

rival cómodo en defensa que se limitou a aproveitar a vantaxe do aire para levar o marcador ata o cero a tres ao descanso.

Na segunda parte o Viveiro intentou recuperar o tempo perdido. Luchi meteu un punta máis e os celestes xogaron practicamente toda a segunda parte en campo rival, pero sen ter tanta efectividade como tivo o Rácing de Ferrol B na primeira parte.

Trasi fixo soñar coa remon-tada ao transformar un penalti

cun cuarto de hora por diante, tempo no que o Viveiro envorcou ao ataque pero atopouse con rival ben armado en defensa que apenas concedeu ocasións.

O Viveiro visitará a Calasanz B entre semana e o vindeiro sábado a partir das 16:00 recibirá no Marcos Gómez á Milagrosa nun derbi provincial no que estarán en xogo tres puntos de ouro na Liga Galega cadete.



Goles: Gómez e César polo Lalín; Rafa pola Milagrosa

Arbitros: Óscar Enriquez, Ángel Penela e Bruno Iglesias

A Milagrosa deixouse todo o botín en xogo en Lalín nun partido no que os de Madriles tiveron, sobre todo na segunda parte, fases nas que se gañaron o dereito a soñar cos puntos.

A igualdade marcou os primeiros corenta minutos nos que o Lalín inaugurou o marcador tras unha falta lateral, e a Milagrosa

Picos altos e moi baixos

A MILAGROSA acusou a falta de regularidade en Lalín

“Fuimos demasiado irregulares a lo largo del encuentro. Tuvimos fases en las que buscamos y merecimos puntuar”

MADRILES Milagrosa

perdoou nas súas dúas ocasións máis claras, ao dispoñer Yago dun man a man co porteiro local e de estrelar Diego un balón no poste.

Nada máis empezar a segunda parte o Lalín puxo terra polo medio no marcador co cero a dous, pero lonxe de baixar os brazos, a Milagrosa recortou distancias por medio de Rafa e gozou dos seus mellores minutos no encontro.

O premio do empate parecía cuestión de tempo, sobre todo tras un man a man que non puido culmi-



Miguel meditando en velocidade cun xogador rival en Frigsa

nar Rafa e un remate de cabeza de Pajón á saída dun córner que sacou sobre a liña de gol un xogador local cando xa se cantaba o gol do empate a dous.

A Milagrosa perdoou nos seus mellores minutos e o Lalín, tras resistir o asedio lucense,

sentenciou o encontro co tres a un tras unha acción a balón parado no tramo final.

Dous derbis

A Milagrosa medirase co Lugo B nas Gándaras o vindeiro xoves e o sábado co Viveiro no Marcos Gómez a partir das 16:00 horas.

OS MELLORES

MILAGROSA

MIGUEL

RAFA

JUAN



Leo a piques de anticiparse a un rival nun balón dividido



Manel controlando o coiro ante un dianteiro herculino



Jacobo a piques de sacar de porta tras atallar o balón

Punto de partida do Lugo B

SEOANE E YONI TOMAN AS RENDAS DO EQUIPO tras unha semana de cambios. O cadro albivermello tívose que conformar cun punto pese a merecer os tres en xogo ante o Calasanz



Arbitro: Iván Abel, Eduardo Feijoo e Francisco Ibáñez. Campo: Rodríguez Lago 1

O Lugo B sumou un punto que vale moito máis que o que significa a nivel clasificatorio. Os capitalinos intentan recuperar a nor-

malidad tras unha semana de moitos cambios que desencadeou con Seoane e Yoni ao mando do conxunto albivermello.

“O segredo está en seguir traballando cada día” JOSE SEOANE CD Lugo B

Os xogadores responderon moi ben ao longo da semana nos adestramentos e tamén ao longo do encontro. O Lugo B foi mellor e dispuxo de máis ocasións pese ao cero a cero final.

Gabri xerou as mellores accións da primeira parte por banda esquerda, sobre todo dúas que terminaron con candanseu remates de Dario cos que o Lugo B rozou o gol.

Nos primeiros corenta minutos xogouse en campo dun Calasanz que apenas inquietou a Jacobo cun par

de disparos moi afastados. Xa na segunda parte o Lugo B meteulle unha marcha máis ao partido. Os cambios déronlle ao equipo un plus a nivel ofensivo e o gol, por momentos, parecía cuestión de tempo.

Luisito, cun remate de cabeza chegando desde segunda liña que se foi alto e un gol anulado por dubidoso fóra de xogo a Dario tras pase de Leo foron as ocasións máis claras. Pola súa banda o Calasanz B sacudíuse o dominio lucense tan só nalgún tramo da segunda



Seoane e Yoni debutaron a fronte do equipo cadete B


parte, sen chegar a dispoñer de ocasións claras de gol.

Ao final, empate que sabe a pouco pero que supón un novo punto de inflexión para

un Lugo B que visita Friga o xoves para medirse coa Milagrosa nun apaixonado derbi capitalino na Liga Galega cadete.

Gabriel reapareceu pola porta máis grande

TRAS SUPERAR UNHA LESIÓN saíu na segunda parte e asinou a vitoria



Arbitro: Iván Morán, Lautaro Outeiro e Carlos Liñares. Campo: Leyma A. Coruña

O Rácing Villalbés volveu á senda do triunfo na Liga Galega cadete e fíxoo da man do seu capitán, Gabriel, que reapareceu na segunda parte

tras superar unha lesión asinando o único gol do encontro no tempo de desconto.

“Teño a sensación de que o equipo está a vivir un gran momento en defensa. O gol no desconto déixanos con moi bo sabor de boca de cara ao que vén” SIMÓN LAMAS RC Villalbés

Ata entón o Villalbés volveu tirar de solvencia defensiva ante un Victoria B ao que encerrou co paso dos minutos ata obrigarlle a defenderse ao borde da súa propia área na segunda parte.

Nos primeiros corenta minutos apenas houbo ocasións claras de gol, tan só un remate de Cadra á saída

dun córner e un disparo de Candal que se foi alto.

Na segunda metade, coa volta do capitán ao terreo de xogo, o Rácing tivo máis presenza en ataque. Encerrou por completo aos herculinos no seu campo e iniciou un asedio con derruba no tempo de des-



Gabriel celebrando un gol no Roca esta tempada

OS MELLORES

VILLALBÉS
GABRIEL 2 2 2
DANI 2 2
CABADO 2

29

PUNTOS en 13 xornadas para o Rácing Villalbés, que o sábado durmiu de novo no podio da Liga Galega cadete. Os de Simón Lamas recibirán ao Deportivo B o xoves no Roca e visitarán ao Ural B na dobre cita que afrontarán esta semana

O Lugo, no corte dos oito mellores

ESTA TEMPADA A LIGA GALEGA divídese en dous, por un lado os 8 primeiros polo título Galego e por outro os 10 últimos

CD LUGO	CALASANZ
Goles: Pérez, Antón, Ayman e Dani.	Goles: Adrián.
4	1



Arbitro: Adrián Rodríguez. Diego Rodríguez e Abdelouadoud Campo: Rodríguez Lago 1

“Buen partido en líneas generales. Toca seguir trabajando duro” **DANI GALÁN** CD Lugo

8

PRIMEIROS clasifícanse para a loita polo título Galego. O Lugo estaría agora mesmo dentro do corte

Nestas páxinas informouse por erro de que o corte para disputar o título Galego sería como na pasada tempada dos catro primeiros clasificados. A realidade é outra, xa que este ano hai un cambio de formato na competición e suprimese a Copa Galicia, na que participou o Lugo a campaña 2017/2018. Nesta edición a primeira fase da Liga Galega infantil terminará con dous bloques. Os 8 primeiros xogarán polo título Galego e os 10 últimos por evitar o descenso.

Tras impoñerse ao Calasanz o Lugo onte pola mañá, os lucenses están oitavos a falta de catro xornadas nas que dependen deles mesmos para estar entre os mellores equipos de Galicia. Sentimos a confusión que se puido crear con esa errónea información que emendamos grazas á colaboración de pais e nais deste equipo.

Nas Gándaras o Club Deportivo Lugo fixo fácil o seu partido ante o Calasanz pese a que os herculinos inauguraron o marcador aos oito minutos tras un saque de esquina. A reacción non se fixo esperar e tan só dous minutos despois Ayman fixo o un a un cun remate no segundo poste.

Ao cuarto de hora Dani Pérez puxo por diante ao Lugo cun gran disparo desde a frontal da área coa súa perna menos boa, a diestra, colocando o balón na escuadra, e á media hora de partido os de Dani Galán puxeron terra polo medio no marcador co tres a un que asinou Antón e co que se chegou ao descanso.

O ritmo na segunda parte foi máis lento, pero o Lugo tivo controlado o encontro en todo momento. Unha falta ao borde da área executada por Ayman foi despxada polo porteiro coruñés, pero Dani García, no seu segundo partido da tempada, foi o máis listo e aproveitou o rexeite para facer o definitivo catro a un nas Gándaras.

O Lugo viaxa a Riveira o vindeiro xoves e a fin de semana desprázase a San Tirso para afrontar o dobre compromiso que teñen todos os equipos de categorías superiores por diante esta semana.

16 gladiadores branquiazuis deron o mellor de si mesmos

A RESIDENCIA

volveu ser competitiva no campo dun dos grandes desta Liga

BERTAMIRÁNS	RESIDENCIA
Goles: 5	Goles: 0



Goles: Adrián, Miguel (2), Jaime e Javier polo Bertamiráns.

“Moi orgulloso do esforzo destes rapaces. Este é o camiño que debemos seguir”

KAISER Residencia

A Residencia recollerá os froitos do seu gran traballo tarde ou cedo. Os de Kaiser volveron ver como o seu esforzo ao longo dos oitenta minutos non se traduce en puntos, pero o crecemento do equipo fai pensar que na segunda fase os da Cheda poidan loitar pola permanencia.

Como sucedeu en Abegondo fai quince días, a Residencia saiu de Bertamiráns coa cabeza moi alta tras xogar ante o segundo clasificado da Liga Galega infantil. Un rival que por talla é máis propio da competición cadete.

Ademais de defender con orde a Residencia nunca renunciou ao ataque e cada vez que era capaz de roubar, enlazaba un par de pases para ter opción de progresar. Todo iso malia que aos seis minutos o marcador xa era de dous a cero e ao descanso a diferenza foise ata o catro a cero.

Na segunda parte o Bertamiráns baixou un pouco a intensidade, o ritmo foi máis lento e os de Kaiser tan só encaixaron un gol máis.

Na dobre xornada desta semana a Residencia recibirá o xoves ao San Tirso e a fin de semana, tamén na Cheda, ao Imperator.

Abegondo e o Deportivo non deron opcións á Milagrosa

PARTIDO desnivelado

entre un conxunto de barrio e unha “Selección Galega”

DEPORTIVO	MILAGROSA
Goles: 15	Goles: 0



Goles: Daniel, Miguel, Marco (2), David (4), Alvaro (2), Noa, Martín e Mella (3) polo Deportivo.

“Resultado muy abultado desencadenado al jugar en un campo tan grande ante un equipo de tanta calidad”

MADRILES Milagrosa

A Milagrosa pasou o mal grolo que todos os equipos da Liga Galega infantil teñen que sufrir, e ese non é outro que medirse co Deportivo da Coruña no Mundo do Fútbol de Abegondo.

Os herculinos recibiron aos de Madriles nun campo moi amplo no que poden exhibir todo o seu potencial, o dun equipo máis parecido a unha Selección Galega que a un conxunto desta categoría.

Cando visitas Abegondo intentas que o marcador dure co cero a cero inicial o maior tempo posible, xa que si encaixas pronto o partido pódese facer moi longo. Iso foi o que lle pasou á Milagrosa, co un a cero no primeiro minuto de partido.

A partir de aí, o Deportivo xogou moi solto e foi ampliando a diferenza no marcador co paso dos minutos.

A Milagrosa recibirá o xoves en Friga ao Ural e viaxará a Bertamiráns a próxima fin de semana na dobre cita que terán os de Madriles nos próximos oito días.



Dani Pérez en lanzamento co que asinou o momentáneo dous a un



Antón, que tamén viu portería neste partido, canecendo a un rival



Iker presionando a un xogador herculino en mediocampo

Boa reacción, pero tardía

O CALASANCIO NON COMPARECEU NA PRIMEIRA PARTE e o Porriño xa mandaba no marcador por 2-0 aos nove minutos. No segundo o tempo os monfortinos foron mellores



Arbitro: Víctor Capón, David Caride e Norberto Gómez. Campo: Loural 2 - Porriño

“Entramos tarde al partido y eso nos condicionó mucho a lo largo del encuentro” MANU RODRÍGUEZ CP Calasancio

O Calasancio estivo máis preto de puntuar nesta xornada da Liga Galega infantil do que indica o tres a un final do marcador en Porriño.

Ao conxunto monfortino pegáronse as sabas e entrou tarde ao encontro ante un Porriño moi intenso de saída que inaugurou o marcador aos cinco minutos e

levouno ata o dous a cero cando tan só se disputaran nove.

A partir de aí os de Manu Rodríguez tiveron que remar contracorrente e fixérono.

Aos poucos o Calasancio empezouse a asentar no terreo de xogo e a xerar

4

XORNADAS para rematar esta primeira fase da Liga Galega infantil lle quedan ao Calasancio, que disputará tres encontros na casa e tan só un a domicilio, ante o Alondras. Mentres que nas Instalacións Álex Blanco recibirán a Coruxo Ourense Club de Fútbol e Escola Deportiva Ourense.

ocasións, entre elas, dous man a man de Nacho que non puido finalizar antes de que Mariño rematase ao fondo das mallas un centro de Díaz para chegar ao descanso con dous a un no marcador.

Cun 4-4-2 e presionando en campo rival o Calasancio meteulle o medo no corpo ao Porriño, xa que estivo a piques de empatar cun disparo desde fóra da área de Cereijo que se estreloou no poste. Con todo, cando



Carmen presionando a un xogador rival nun partido nas Instalacións Álex Blanco | Dosi

máis preto estaba o dous a dous, o Porriño asestou un golpe definitivo co tres a un á saída dun córner co que deixou visto para

sentenza o encontro. O Calasancio recibirá o xoves ao Coruxo e na fin de semana ao Ourense, ambos encontros nas Ins-

talacións Deportivas Álex Blanco na dobre xornada que disputarán todos os equipos de categorías superiores esta semana.

TROFEO JORGE TATO XUVENIL SUPERIORES			Regularidade XUVENIL SUPERIORES			Pichichi CADETE SUPERIORES			Regularidade CADETE SUPERIORES			Pichichi INFANTIL SUPERIORES			Regularidade INFANTIL SUPERIORES		
Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.	Xogador	Equipo	G.	Xogador	Equipo	P.
DAVID LÓPEZ	RC Villalbés	7	XABI B.	CD Lugo B	17	GABRIEL	RC Villalbés	11	LUIS	Viveiro CF	21	AYMAN	CD Lugo	8	MARCOS	Milagrosa	15
ÁLEX RAMOS	CD Lugo	6	ANXO	RC Villalbés	15	BRIAN	CD Lugo	9	TRASI	Viveiro CF	16	MOHA	CD Lugo	6	ALVITE	Residencia	14
CHRISTIAN	CD Lugo	6	XOEL EUJO	Viveiro CF	15	LUIS	Viveiro CF	8	MIGUEL	SCD Milagrosa	15	PÉREZ	CD Lugo	6	CEREIJO	Calasancio	12
VELOSO	Residencia	6	JUAN	Viveiro CF	12	MANU	CD Lugo	5	GABRIEL	RC Villalbés	13	DANI	CD Lugo	4	BUIDE	CD Lugo	12
JORGE	Calasancio	4	GARCÍA	Residencia	11	PÉREZ	CD Lugo	5	CADRA	RC Villalbés	11	NACHO	Calasancio	3	MANU F.	CD Lugo	12
DANI A.	CD Lugo B	4	MACLY	Viveiro CF	11	TRASI	Viveiro CF	5	CABADO	RC Villalbés	11	CEREIJO	Calasancio	2	GONZALO	Milagrosa	12
MOREDA	RC Villalbés	4	ABEL	Calasancio	10	CADRA	RC Villalbés	4	YAGO	SCD Milagrosa	11	DÍAZ	Calasancio	2	MAEL	Residencia	11
BATALLÓN	Residencia	4	RUBÉN	CD Lugo B	9	SAMUEL	CD Lugo	3	BOIXET	Viveiro CF	11	BUIDE	CD Lugo	2	TONI	Calasancio	9
FONSECA	Residencia	4	PORTO	CD Lugo B	9	BORJA	CD Lugo B	3	MANEL	CD Lugo B	10	MARCO	CD Lugo	2	LAMUS	Calasancio	9
SERGI	Calasancio	3	MOREDA	RC Villalbés	9	IAGO GESTO	RC Villalbés	3	GABI	RC Villalbés	10	ANTÓN	CD Lugo	2	HUGO	Milagrosa	9
JORDI	Calasancio	3	ÓSCAR	RC Villalbés	9	DIEGO C.	SCD Milagrosa	3	RAÚL C.	RC Villalbés	10	ALONSO	Residencia	2	DENÍS	Calasancio	8
GABARRE	CD Lugo	3	JAIRO	Viveiro CF	9	YAGO	SCD Milagrosa	3	DANI	RC Villalbés	10	JAVI	Calasancio	1	DAVID	Residencia	8
SCHUSTER	CD Lugo	3	ANDRÉS	Calasancio	8	CASTRÍN	CD Lugo	2	XOEL IRIMIA	CD Lugo B	9	IKER	CD Lugo	1	CARMEN	Calasancio	7
CONDE	Residencia	3	JORGE	Calasancio	8	BORJA	CD Lugo B	2	DENIS	SCD Milagrosa	9	ROSÓN	CD Lugo	1	MOHA	CD Lugo	7
JAIRO	Viveiro CF	3	PABLO D.	Residencia	8	GABRI	CD Lugo B	2	BRAIS	SCD Milagrosa	8	AHÍTO	Milagrosa	1	B. VASCO	Milagrosa	7
PABLO C.	Viveiro CF	3	ÁLEX	Calasancio	7	FREIRE	CD Lugo B	2	PAJÓN	SCD Milagrosa	8	BRUNO	Milagrosa	1	LEO	Milagrosa	7
JORGE	Viveiro CF	3	IAGO	Calasancio	7	LEO	CD Lugo B	2	BORJA	SCD Milagrosa	6	HUGO	Milagrosa	1	NACHO	Calasancio	6
ABEL	Calasancio	2	XAIRO	CD Lugo B	7	MICHI	CD Lugo B	2	CABARCOS	SCD Milagrosa	6	RAÚL	Milagrosa	1	ROSÓN	CD Lugo	6
